



EXCMO. CONCELLO DE TUI

ANUNCIO

Mediante resolución da concellería de persoal de data 12.03.2021 ditou o seguinte acto administrativo cuxo contido literal é,

RESOLUCIÓN DA CONCELLARÍA DE PERSOAL

REQUIRIMENTO DOCUMENTACIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO DUN OFICIAL DE SEGUNDA CONDUCTOR DENTRO DO PLAN CONCELLOS: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2021.

O secretario do tribunal avaliador do proceso selectivo dun oficial de segunda condutor, publicou con data 08.03.2021 a listaxe provisional das puntuacións acadadas polos aspirantes, na que se propón para a súa contratación a:

Don Miguel Ángel Gómez Fernández con DNI ***6582**

Transcorrido o prazo de alegacións ó proceso selectivo sen que se presentasen alegacións ó mesmo.

Por todo o anteriormente exposto esta Concellería delegada de Persoal (resolución de delegación 24/06/2019 nº 2019-0720),

RESOLVO

1 Aceptar a proposta do tribunal avaliador.

2 Requirir ó candidato arriba relacionado, para que no prazo de **3 días hábiles**, a partir da publicación desta resolución presente a documentación seguinte, perdendo ó seu dereitos a ser contratados de non facelo (agás que xa a presentaran na solicitude de presentación; neste caso, deben indicalo no impreso de entrega de documentación); anexo de entrega de documentación de proceso selectivo, certificado médico oficial que acredite a súa condición de apto para o desenvolvemento das funcións do posto, fotocopia da tarxeta da seguridade social, certificado bancario de número de conta, modelo para a retención do IRPF.

3 Darlle traslado do presente acordo á unidade de persoal e ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

En Tui, o Sr. Concelleiro de Persoal, José Ramón Magán Rivera.

Documento asinado dixitalmente á marxe.



Cod. Validación: 3HG9P55KH6TMTWKCCNZ47SZZX | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1